

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

11079 *Circular 6/2021, do 30 de xuño, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen os incentivos do xestor técnico do sistema gasista e a afección á súa retribución.*

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en redacción dada polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, establece no seu artigo 7.1.i) que é función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecer, mediante circular, a metodoloxía para o cálculo da retribución do xestor técnico do sistema gasista, en función dos servizos que efectivamente preste. A dita retribución poderá incorporar incentivos, que poderán ter signos positivos ou negativos, á redución de custos do sistema gasista derivados da súa operación ou outros obxectivos. Así mesmo, o número 7 do artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, engadido polo Real decreto lei 1/2019, tamén dispón que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá a metodoloxía da retribución da xestión técnica do sistema.

O artigo 64 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, de conformidade co establecido, pola súa vez, no artigo 58.b), dispón que o xestor técnico do sistema será responsable da operación e da xestión técnica da rede básica e de transporte secundario, e garantizará a continuidade e seguridade da subministración de gas natural e a correcta coordinación entre os puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución, listando o detalle das súas funcións. Estas funcións deberán ser exercidas en coordinación cos distintos suxeitos que operan ou fan uso do sistema gasista baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia, e serán adecuadamente retribuídas conforme o disposto no capítulo VII da dita lei.

Neste sentido, debe mencionarse tamén a Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural, que atribúe ao xestor técnico do sistema novas funcións en relación coa asignación e contratación da capacidade das infraestruturas gasistas e a xestión do modelo de tanque virtual das plantas de regasificación.

Por outro lado, o artigo 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, establece que na metodoloxía retributiva das actividades reguladas no sector do gas natural se considerarán os custos necesarios para que unha empresa eficiente e ben xestionada realice a actividade, de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema gasista con criterios homoxéneos en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios insulares. Estes réximes económicos permitirán a obtención dunha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco.

Para os anteriores efectos, foi aprobada a Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución do xestor técnico do sistema. Esta circular, no seu artigo 3, estrutura a retribución do xestor técnico do sistema en varios compoñentes, un dos cales se denomina «retribución por incentivos». A retribución por incentivos do xestor técnico do sistema defínese no artigo 10 e obrígase ao seu desenvolvemento mediante circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Tamén, no citado artigo 10, se exige o desenvolvemento de indicadores de eficiencia relativos á operación, xestión técnica do

sistema e coordinación entre as distintas infraestruturas, á continuidade e seguridade da subministración, ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e ao seu óptimo uso, e á xestión do balance de gas.

Así mesmo, a Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural, no seu artigo 18.1 determina a obrigaición da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de aprobar un réxime de incentivos respecto ás obrigaicións do xestor técnico do sistema en relación co balance no sistema gasista. Este réxime de incentivos debe basearse no seu desempeño e nas ferramentas que teña á súa disposición, tendo en conta, entre outros, o cumprimento das súas obrigaicións en relación co balance, o impacto das súas decisións sobre os custos do sistema e a valoración dos usuarios. O réxime de incentivos estará suxeito á revisión periódica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

En cumprimento do principio de transparencia, as resolucións que dite a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en desenvolvemento desta circular serán publicadas nos termos establecidos nos artigos 7.1 e 37.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, unha vez dotado o procedemento da máxima publicidade e transparencia.

A circular adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estes principios son os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En particular, en canto aos principios de necesidade e eficiencia, esta circular está xustificada por unha razón de interese xeral, baséase nunha identificación clara dos fins perseguidos e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A circular é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Así mesmo, axústase ao principio de seguridade xurídica, ao materializar o mandato do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, as medidas regulatorias consideran a información dispoñible na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e as funcións de supervisión asignadas a esta comisión, de modo que non implican novas funcións. Con respecto á retribución, unicamente se teñen en conta os custos necesarios para realizar a actividade e considérase unha retribución correspondente a unha actividade de baixo risco, realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada, e con criterios de eficiencia económica.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta circular ten por obxecto desenvolver a retribución por incentivos que poderá percibir o xestor técnico do sistema de acordo co artigo 10 da Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución do xestor técnico do sistema gasista, para o cal se definen os indicadores para a medición do grao de eficiencia do xestor técnico do sistema no desempeño das súas funcións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación ao xestor técnico do sistema.

Artigo 3. *Definicións.*

Con carácter adicional ás definicións contidas na normativa vixente e, en particular, na Circular 8/2019, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, do 12 de decembro, pola que se definen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade

no sistema de gas natural, e na Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural, serán de aplicación as seguintes definicións para os efectos da presente circular:

a) Demanda convencional: total de demanda de gas natural consumida nun prazo determinado descontando a demanda de gas natural consumida en centrais de xeración eléctrica (coxeracións non incluídas) nese mesmo prazo.

b) Gas de operación: gas natural necesario para o funcionamento dos equipamentos e das instalacións do sistema gasista, conforme o definido na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

c) Usuario activo: usuario que, durante o ano de gas n , participa nalgún proceso de asignación de capacidade ou ten algún contrato de acceso en vigor nalgunha das instalacións do sistema gasista e/ou carteira de balance habilitada e en vigor nalgunha das áreas de balance do sistema. Ademais, deberá ter realizado nominacións da súa capacidade contratada ao menos en cinco días do ano de gas n e/ou ter comunicado ao xestor técnico do sistema notificacións de operacións de compravenda de gas en cinco días no ano de gas n .

d) Enquisa válida: enquisa de satisfacción remitida ao xestor técnico do sistema, dentro do prazo establecido, por un axente do sistema gasista identificable de forma unívoca, en que se cubriu, ao menos, a metade das preguntas de cada bloque da enquisa que lle corresponden en función da actividade que desenvolve dentro do sector gasista.

e) Banda de indiferenza: nivel de existencias de gas natural na rede de transporte conforme o definido na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programación, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

CAPÍTULO II

Cálculo de indicadores de eficiencia e impacto na retribución anual do xestor técnico do sistema

Artigo 4. *Rtribución por incentivos.*

A retribución por incentivos ($RxInc_n^{XTS}$) será o resultado de multiplicar a base de retribución do xestor técnico do sistema do ano natural n ($BRet_n^{XTS}$) polo factor de eficiencia calculado para o ano de gas $n+1$ (F_{n+1}^{XTS}) (de outubro do ano n a setembro do ano $n+1$).

$$RxInc_n^{XTS} = F_{n+1}^{XTS} * BRet_n^{XTS}$$

O factor de eficiencia do xestor técnico do sistema para o ano n (F_n^{XTS}) será unha porcentaxe comprendida entre os valores do límite inferior (LI) e do límite superior (LS) que se definan para cada período regulatorio conforme o establecido na Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución de xestor técnico do sistema. Calculárase, a partir da media ponderada dos indicadores definidos nos artigos seguintes da presente circular, aplicando a seguinte fórmula:

$$F_n^{XTS} = LI + \left(\sum_{j=1}^m \alpha_j x I_j \right) x (LS - LI)$$

Onde:

a) α_j é o peso asignado a cada un dos indicadores calculados para medir o desempeño do xestor técnico do sistema no ano de gas n .

b) I_j é cada un dos m indicadores definidos na presente circular para o cálculo do factor de eficiencia no ano de gas n .

c) LI é o límite inferior do termo de retribución por incentivos, expresado en porcentaxe negativa, segundo o establecido na Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

d) LS é o límite superior do termo de retribución por incentivos, expresado en porcentaxe positiva, segundo o establecido na Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. Cada un dos indicadores de eficiencia (I_j) poderá tomar un valor comprendido entre 0 e 1; o valor é 1 cando o desempeño do xestor técnico do sistema sexa do 100%, e 0 en caso de que o seu desempeño sexa do 0%.

4. A suma dos pesos dos indicadores (α_j) será igual á unidade. O valor dos pesos α_j poderá ser revisado mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. Se, conforme os estándares definidos, o desempeño do xestor técnico do sistema é do 100%, o factor de eficiencia será igual ao límite superior definido para cada período regulatorio (LS) e o xestor técnico do sistema verá incrementada a súa retribución recoñecida na dita porcentaxe. Se, conforme os estándares de eficiencia definidos, o desempeño do xestor técnico do sistema é do 0%, o factor de eficiencia será igual ao límite inferior definido para cada período regulatorio (LI) e verá diminuída a súa retribución na dita porcentaxe.

Artigo 5. Indicador de desempeño en relación cos conflitos de acceso e de xestión económica e técnica do sistema gasista (I_1).

1. Este indicador avalía a eficiencia na actuación do xestor técnico do sistema en relación coa xestión técnica e económica do sistema, o acceso de terceiros ás instalacións do sistema gasista e o seu uso óptimo, as instrucións de operación e xestión impartidas e a aplicación dos mecanismos de xestión de conxestións, a través do número de conflitos que, tendo sido interpostos polos axentes con posterioridade á entrada en vigor da circular, fosen resoltos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en contra do xestor técnico do sistema nun ano de gas n .

2. O indicador I_1 calcularase en función do número de conflitos de acceso e de xestión económica e técnica que, tendo sido interpostos polos axentes con posterioridade á data de entrada en vigor da circular, fosen resoltos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en contra do xestor técnico do sistema. Para a súa determinación, contabilizaranse os conflitos resoltos no ano de gas n . A este respecto, os conflitos interpostos por axentes do sistema distintos pero referidos á mesma actuación do xestor técnico do sistema contabilizarán como un único conflito.

3. Se o número de conflitos de acceso e de xestión económica e técnica do sistema interpostos contra o xestor técnico do sistema que se resolveron na súa contra no ano de gas n é inferior ou igual a 2, considerarase que o desempeño do xestor técnico do sistema foi o 100% e o indicador tomará o valor 1. Pola contra, se o número de conflitos resoltos no ano de gas n contra o xestor técnico do sistema é igual ou superior a 7, considerarase que o desempeño do xestor técnico do sistema foi o 0% e o indicador tomará o valor 0.

4. Cando o número de conflitos estea comprendido entre 2 e 7, o valor do indicador I_1 calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$I_1 = \frac{7 - n_1}{5}$$

onde n_1 é a suma do número de conflitos de acceso e de xestión económica e técnica interpostos polos axentes do sistema contra o xestor técnico do sistema e que foron resoltos na súa contra no ano de gas n .

Artigo 6. *Indicador de desempeño en relación cos sistemas informáticos e coa comunicación e publicación de información (I_2).*

1. Este indicador avalía o grao de eficiencia da actuación do xestor técnico do sistema en relación co mantemento dos sistemas informáticos necesarios e coa comunicación e publicación de información relativa ao acceso e contratación de capacidade nas instalacións, ás súas afeccións e ao balance dos usuarios e do sistema.

2. O indicador I_2 calcúlase en función do número de días do ano de gas n en que se produce algunha incidencia en relación coas funcións do xestor técnico do sistema respecto á comunicación e publicación de información.

3. Se o número de días do ano de gas n en que se produce unha incidencia nos sistemas informáticos ou en relación coa comunicación e publicación de información das enumeradas no número 4 deste artigo é igual ou superior a 18, o desempeño do xestor técnico do sistema será o 0% e o indicador tomará o valor 0. Pola contra, se o número de días é igual a 0, o desempeño do xestor técnico do sistema será o 100% e o indicador tomará o valor 1.

4. Cando o número de días do ano de gas n estea comprendido entre 0 e 18, o valor do indicador I_2 calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$I_2 = 1 - \frac{n_2}{18}$$

onde n_2 é o número de días do ano de gas n en que ocorre unha ou máis das seguintes circunstancias:

a) Prodúcese unha indispoñibilidade non planificada do sistema loxístico de acceso de terceiros á rede, SL-ATR, que afecte todo ou parte do sistema, de duración superior a 1 h, ou máis dunha indispoñibilidade non planificada do dito sistema no mesmo día de duración inferior a 1 h.

b) Prodúcese unha afección non planificada nunha instalación do sistema gasista que afecta os compromisos de funcionamento adquiridos con respecto aos usuarios, sobre a cal non se publica unha nota de operación no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede, SL-ATR, nun prazo de 1 h desde que sucede a dita afección.

c) Non está dispoñible no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede, SL-ATR, a información necesaria para a contratación da capacidade das instalacións do sistema gasista, en prazos requiridos no ordinal sexto da Resolución do 3 de abril de 2020, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece o procedemento detallado de desenvolvemento dos mecanismos de mercado para a asignación de capacidade no sistema gasista.

d) Non está dispoñible a información relativa á demanda de gas e ao balance de cada usuario nas distintas áreas de balance nos tempos requiridos no artigo 22 da Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural, e na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

e) Non está dispoñible a información relativa á xestión do balance e sobre as actuacións de balance do xestor técnico do sistema nas distintas áreas de balance nos tempos requiridos na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos.

Artigo 7. *Indicador de desempeño en relación coa optimización da operación do sistema gasista (I_3).*

1. Este indicador avalía a actuación eficiente do xestor técnico do sistema na impartición de instrucións de operación e utilización das infraestruturas, a través da

medición da variación da cantidade de gas de operación consumido na rede de transporte no ano de gas n en relación coa demanda.

2. O indicador I_3 calcularase en función da variación da relación entre o gas de operación consumido polas estacións de compresión da rede de transporte e a demanda total transportada por gasoduto no ano de gas n con respecto a anos de gas anteriores.

3. Se o cociente entre o gas de operación consumido polas estacións de compresión da rede de transporte e a demanda total real do ano de gas n é inferior ou igual nun -5% á media do cociente nos anos 2017, 2018 e 2019, o desempeño do xestor técnico do sistema será o 100% e o indicador tomará o valor 1. Pola contra, se o gas de operación dividido pola demanda total real do ano n é igual ou superior nun $+5\%$ á media do cociente nos tres anos anteriores, o desempeño do xestor técnico do sistema será o 0% e o indicador tomará o valor 0.

4. Cando a variación do cociente gas de operación dividido entre demanda total real do ano n aumente ou diminúa menos dun $\pm 5\%$ en relación coa media do cociente nos tres anos anteriores, o indicador I_3 calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$I_3 = 0,5 - 10 n_3$$

onde n_3 é a desviación en tanto por un do cociente de gas de operación (G_n) entre demanda total real (D_n) do ano de gas n con respecto á media aritmética do cociente do gas de operación entre a demanda total dos anos 2017, 2018 e 2019.

Artigo 8. *Indicador de desempeño en relación coa continuidade e seguridade da subministración (I_4).*

1. Este indicador avalía a eficiencia na actuación do xestor técnico do sistema en relación coa continuidade e seguridade da subministración, a través da diferenza entre a demanda convencional estimada e a real.

2. O indicador I_4 constará de dous termos, $I_{4,1}$ e $I_{4,2}$. O primeiro termo, $I_{4,1}$, calcularase en función da desviación en valor absoluto da previsión de demanda convencional diaria realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda convencional diaria real no ano de gas n . O segundo termo, $I_{4,2}$, calcularase en función da desviación en valor absoluto da previsión da demanda convencional anual realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda convencional anual real no ano de gas n .

3. Para a determinación do indicador $I_{4,1}$, terase en conta a demanda convencional estimada para o día de gas publicada polo xestor técnico do sistema no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede antes das 10.00 horas do día anterior ao día de gas. A este respecto, logo de comunicación por parte do xestor técnico do sistema, a información relativa a aqueles días en que se produzan situacións excepcionais debidamente acreditadas será excluída do cálculo do indicador.

4. Se a media do ano de gas n da desviación en valor absoluto da previsión de demanda convencional diaria realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda real é inferior ou igual ao 0,3%, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 100% e o indicador $I_{4,1}$ tomará o valor 1. Pola contra, se a media da desviación en valor absoluto da previsión con respecto á demanda real é igual ou superior ao 5%, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 0% e o indicador $I_{4,1}$ tomará o valor 0.

5. Cando a desviación en valor absoluto da previsión de demanda convencional diaria realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda convencional diaria real estea comprendida entre o 0,3% e o 5%, o indicador $I_{4,1}$ calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$I_{4,1} = \frac{0,05 - n_{4,1}}{0,047}$$

onde $n_{4,1}$ é a media en tanto por un da suma das desviacións en valor absoluto da previsión da demanda convencional diaria realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda, calculado para cada día de gas i de acordo coa seguinte fórmula:

$$n_{4,1} = \frac{\sum_{i=1}^n \left| \frac{DR_i - DP_i}{DP_i} \right|}{N^{\circ} \text{ días}}$$

Onde:

- DP_i é a previsión da demanda convencional diaria correspondente ao día i .
- DR_i é a demanda convencional diaria real correspondente ao día i .
- N° días é o número de días de gas do ano de gas n .

6. Para a determinación do indicador $I_{4,2}$ terase en conta a demanda anual convencional estimada para o ano de gas n empregada polo xestor técnico do sistema para calcular a capacidade que se ofertará no proceso de asignación de periodicidade anual desenvolvido no ano de gas $n-1$. A este respecto, logo de comunicación por parte do xestor técnico do sistema, nos anos en que se produzan situacións excepcionais debidamente acreditadas, o indicador $I_{4,2}$ será excluído do cálculo do indicador I_4 .

7. Se a desviación en valor absoluto da previsión de demanda convencional anual realizada polo xestor técnico do sistema para o ano de gas n con respecto á demanda real é inferior ou igual ao 1%, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 100% e o indicador $I_{4,2}$ tomará o valor 1. Pola contra, se a desviación en valor absoluto da previsión con respecto á demanda real é superior ao 5%, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 0% e o indicador $I_{4,2}$ tomará o valor 0.

8. Cando a desviación en valor absoluto e en tanto da previsión de demanda convencional anual para o ano n realizada polo xestor técnico do sistema con respecto á demanda real dese ano estea comprendida entre o 1% e o 5%, o indicador $I_{4,2}$ calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$I_{4,2} = \frac{0,05 - n_{4,2}}{0,04}$$

onde $n_{4,2}$ é a desviación en valor absoluto e en tanto por un da estimación da demanda convencional anual (DAP) realizada polo xestor técnico do sistema para o ano de gas n con respecto á demanda convencional anual real (DA), de acordo coa seguinte fórmula:

$$n_{4,2} = \left| \frac{DA - DAP}{DAP} \right|$$

9. Finalmente, o indicador I_4 calcularase como:

$$I_4 = 0,8 \times I_{4,1} + 0,2 \times I_{4,2}$$

Se, como consecuencia da aplicación do número 6 deste artigo, o indicador $I_{4,2}$ se exclúe do cálculo, o indicador I_4 será igual a $I_{4,1}$.

Artigo 9. Indicador de desempeño en relación coa calidade da asistencia aos axentes do sistema (I_5).

1. Este indicador avalía a eficiencia na actuación do xestor técnico do sistema en relación coa asistencia prestada aos seus axentes e a calidade da información comunicada, a través da información e valoración achegada polos ditos axentes mediante unha enquisa.

2. O indicador I_5 constará de tres termos, $I_{5,1}$, $I_{5,2}$ e $I_{5,3}$. O primeiro termo, $I_{5,1}$, calcularase en función da información e valoración coa atención prestada polo xestor técnico do sistema respecto ao acceso de terceiros do sistema. O segundo termo, $I_{5,2}$,

calcularase en función da información e valoración coa atención prestada polo xestor técnico do sistema respecto ao balance dos usuarios e ao balance do sistema. O terceiro termo, $I_{5,3}$, calcularase en función da información e valoración coa atención prestada polo xestor técnico do sistema respecto á operación do sistema.

3. No mes de setembro de cada ano, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia unha proposta de enquisa. A enquisa organizarase en tres bloques; o primeiro dedicado ao acceso, que se empregará para o cálculo do indicador $I_{5,1}$; o segundo, ao balance, que se empregará para o cálculo do indicador $I_{5,2}$, e o terceiro, á operación do sistema, que se empregará para o cálculo do indicador $I_{5,3}$. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará propostas de mellora da enquisa no informe de supervisión das actuacións do xestor técnico do sistema elaborado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a que fai referencia o artigo 11 desta circular. Así mesmo, o xestor técnico do sistema, como máis tarde o 15 de outubro de cada ano, remitirá aos operadores de instalacións de gas e aos usuarios activos no sistema conforme o establecido no artigo 3 desta circular a enquisa en relación co ano de gas n , e proporcionaralles o prazo de, ao menos, un mes para que a cubran.

4. Só se terán en conta para o cálculo do indicador aquelas enquisas cubertas de maneira válida segundo o establecido no artigo 3 desta circular. No caso de que menos do 30% dos axentes aos cales se remita a enquisa a cubran de forma válida, o indicador non computará para o cálculo da retribución por incentivos do xestor técnico do sistema do ano de gas avaliado.

5. Cada un dos bloques da enquisa cualificarase cunha nota comprendida entre 0 e 1, e non se contabilizarán aquelas preguntas que, en función da actividade que desenvolve o axente no sistema gasista, non lle son de aplicación e, por tanto, non pode responder.

6. Os indicadores $I_{5,1}$, $I_{5,2}$ e $I_{5,3}$ calcularanse de acordo coa seguinte fórmula:

$$I_{5,i} = \frac{\sum_1^m ve_i}{m}$$

Onde:

- i é o bloque da enquisa que se está valorando (1 para o acceso, 2 para o balance e 3 para a operación do sistema).
- m é o número de enquisas válidas recibidas segundo o artigo 3 desta circular.
- ve_i é a cualificación do bloque i dunha enquisa válida (entre 0 e 1).

7. Finalmente, o indicador I_5 calcularase como a suma dun terzo da valoración obtida en cada bloque ($I_{5,i}$) da enquisa.

Artigo 10. *Indicador de desempeño en relación coa xestión do balance do sistema (I_6).*

1. Este indicador avalía a eficiencia na actuación do xestor técnico do sistema en relación co balance operativo das distintas áreas de balance no sistema gasista español, isto é, o punto virtual de balance da rede de transporte por gasoduto (PVB), o tanque virtual de balance das plantas de regasificación (TVB) e o almacenamento virtual de balance dos almacenamentos subterráneos (AVB).

2. O indicador I_6 constará de dous termos, $I_{6,1}$ e $I_{6,2}$. O primeiro termo, $I_{6,1}$, calcularase en función das ocasións en que, no ano de gas n , o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado de gas por estar en risco a operación normal da rede de transporte e efectivamente o fixo, conforme o disposto na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos, ou, se a pesar da súa actuación no mercado organizado de gas, ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou fóra da banda de indiferenza. O segundo termo, $I_{6,2}$, calcularase en función das veces que o xestor técnico do sistema, no ano de gas n , debeu acudir ao mercado organizado para

xestionar os desbalances dos usuarios en AVB e/ou TVB e o fixo nun prazo máximo de cinco días de gas desde o día de gas en que se produciron os desbalances que hai que xestionar.

3. No caso do indicador $I_{6,1}$, se o xestor técnico do sistema acudiu ao mercado organizado de gas para adquirir produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas menos do 80% das veces en que debería telo feito durante o ano de gas n , ou, se a pesar da súa actuación, ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou fóra da banda de indiferenza, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 0% e o indicador $I_{6,1}$ tomará o valor 0. Pola contra, no caso de que o xestor técnico do sistema acuda ao mercado organizado de gas o 100% das veces en que debería telo feito e, ademais, ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou dentro da banda de indiferenza, o desempeño do xestor técnico do sistema será do 100% e o indicador $I_{6,1}$ tomará o valor 1.

4. Cando o xestor técnico do sistema, durante o ano de gas n , acudise ao mercado organizado de gas para adquirir produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas entre o 80% e o 100% das veces en que debía facelo, e ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou dentro da banda de indiferenza, o indicador $I_{6,1}$ calcularase con base na seguinte fórmula:

$$I_{6,1} = (10 \times n_{6,1} - 8)/2$$

Onde $n_{6,1}$ é a proporción, en tanto por un, do número de días de gas do ano de gas n en que o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado, conforme o disposto na normativa de xestión técnica do sistema gasista sobre programacións, nominacións, reparticións, balances, a xestión e o uso das conexións internacionais e os autoconsumos, para adquirir produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas e ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou dentro da banda de indiferenza, con respecto ao número de días de gas que o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado e non o fixo ou, se o fixo, ao final do día de gas o nivel de gas na rede de transporte se situou fóra da banda de indiferenza. Así, $n_{6,1}$ será calculado de acordo coa seguinte fórmula:

$$n_{6,1} = \frac{DBI}{DBI + DNMO + DNBI}$$

Onde:

a) DBI é o número de días de gas do ano n en que o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado e o fixo e, ao final do día de gas, o nivel de existencias da rede de transporte se situou dentro da banda de indiferenza.

b) DNMO é o número de días de gas do ano n en que o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado e non o fixo.

c) DNBI é o número de días de gas do ano n en que o xestor técnico do sistema debeu acudir ao mercado organizado e o fixo pero, ao final do día de gas, o nivel de existencias da rede de transporte se situou fóra da banda de indiferenza.

5. O indicador $I_{6,2}$ calcularase en función do tempo que tarde o xestor técnico do sistema en xestionar no mercado organizado os desbalances dos usuarios en TVB e AVB cando sexa necesario, tendo en conta que, para isto, a cantidade neta de desbalance ten que ser igual ou superior á cantidade mínima negociable no mercado organizado. Se, para todos os días de gas do ano de gas n en que se producen desbalances en TVB e AVB que deben xestionarse no mercado organizado, o xestor técnico do sistema tarda máis de cinco días de gas con respecto ao día de gas a que se refire o desbalance, considerarase que o desempeño do xestor técnico do sistema foi o 0% e o indicador tomará o valor 0. Pola contra, se para todos os días de gas n en que se producen desbalances en TVB e

AVB que deben xestionarse no mercado organizado, o xestor técnico do sistema tarda menos ou igual a cinco días de gas con respecto ao día de gas a que se refire o desbalance, considerarase que o desempeño do xestor técnico do sistema foi o 100% e o indicador tomará o valor 1:

$$I_{6,2} = 1 - \frac{Dc}{Dt}$$

Onde:

a) Dc é o número de días de gas do ano n en que ocorreron desbalances dos usuarios en TVB e AVB que obrigaron o xestor técnico do sistema a acudir ao mercado organizado para xestionalos e este non o fixo nun prazo inferior ou igual a cinco días de gas desde o día de gas a que se refiren os desbalances.

b) Dt é o número total de días de gas do ano n en que ocorreron desbalances dos usuarios en TVB e AVB que obrigaron o xestor técnico do sistema a acudir ao mercado organizado para xestionalos.

6. Finalmente, o indicador I_6 calcularase como:

$$I_6 = 0,8 \times I_{6,1} + 0,2 \times I_{6,2}$$

Artigo 11. *Indicador de desempeño das funcións do xestor técnico do sistema valorado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (I₆).*

1. Este indicador avalía a eficiencia na actuación global do xestor técnico do sistema en relación co conxunto das funcións atribuídas a este e, en particular, coas novas funcións asignadas na Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se definen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural, e na Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural, a través do informe de supervisión anual do xestor técnico do sistema que elaborará a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Anualmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elaborará un informe de supervisión das actuacións do xestor técnico do sistema no ano de gas n anterior, en relación:

a) Cos procedementos de asignación de capacidade nas instalacións do sistema gasista, e revisará, entre outros, o cálculo da capacidade ofertada e os chanzos de prezo nos ditos procedementos, o seu desenvolvemento e a comunicación dos resultados.

b) Coa aplicación dos mecanismos de flexibilidade nos servizos e produtos de capacidade contratados polos usuarios, regulados nos artigos 32 e 33 da Circular 8/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións de acceso e asignación de capacidade no sistema de gas natural.

c) Coa aplicación dos mecanismos vixentes de antiacaparamento e xestión de conxestións que poidan comprometer a operación normal do sistema.

d) Co deseño e coa aplicación de procedementos para o seguimento e a prevención de comportamentos inadecuados dos axentes en canto ao acceso e ao balance, así como para minimizar o impacto dos ditos comportamentos inadecuados.

e) Co desenvolvemento de eventos e documentación, así como coa publicación destes e de información, que sirva de apoio aos axentes e, en especial, aos novos usuarios do sistema gasista.

f) Coa realización de estudos para o fomento da sustentabilidade do sistema gasista, incorporación do hidróxeno e outros gases renovables e baixos en carbono, así como coas

accións para a valoración e redución da pegada de carbono no desenvolvemento das súas funcións.

3. En función do desempeño do xestor técnico do sistema sobre as tarefas descritas no número 2 deste artigo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia asignará un valor ao indicador I_7 , que oscilará entre 0, cando o desempeño do xestor técnico do sistema fose o 0%, e 1, cando o desempeño do xestor técnico do sistema fose o 100%.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia valorará do 0 ao 1 o desempeño do xestor técnico do sistema respecto a cada un dos aspectos enumerados no número 2 deste artigo. O indicador I_7 calcularase como:

$$I_7 = 0,3 \times v_a + 0,1 \times v_b + 0,2 \times v_c + 0,2 \times v_d + 0,1 \times v_e + 0,1 \times v_f$$

onde v_a , v_b , ..., v_f corresponde á puntuación asignada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a cada un dos aspectos supervisados conforme o número 2 deste artigo.

5. Para o desenvolvemento do seu informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar información adicional ao xestor técnico do sistema, ao operador do mercado organizado, ao xestor de garantías e a calquera outro axente do sistema gasista.

CAPÍTULO III

Valoración do desempeño de xestor técnico do sistema no ano de gas n

Artigo 12. *Aplicación dos indicadores de eficiencia.*

1. Os indicadores definidos no capítulo II da presente circular calcularanse anualmente, tomando os datos da actuación do xestor técnico do sistema no ano de gas n , isto é, desde o 1 de outubro do ano natural $n-1$ ao 30 de setembro do ano natural n .

2. Antes do 1 de xaneiro do ano $n+1$, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un informe co cálculo do valor dos indicadores de desempeño I_1 a I_6 correspondentes ao ano de gas n , que inclúa toda a información necesaria para a súa comprobación, así como o cálculo do impacto económico destes na retribución do xestor técnico do sistema. En canto ao indicador I_5 , ademais dunha análise dos resultados das enquisas, xuntaranse nun anexo todas as respostas remitidas polos usuarios. Adicionalmente, o informe incluírá toda a información necesaria para a valoración do indicador I_7 .

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá requirir información adicional ao xestor técnico do sistema ou a calquera outro axente deste.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución, o incremento ou a diminución da retribución do xestor técnico do sistema correspondente á retribución por incentivos do ano de gas n , que será considerado na retribución do xestor técnico do sistema conforme o disposto no artigo 13.2 da Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución do xestor técnico do sistema.

5. Unha vez aprobada a retribución por incentivos do xestor técnico do sistema, este publicará na súa páxina web o valor dos indicadores e a información utilizada para a súa determinación.

Disposición adicional única. *Estacións de compresión eléctricas.*

No caso de que, nun ano de gas, se producise a substitución de estacións de compresión da rede de transporte do sistema gasista que consomen gas natural para o seu funcionamento por estacións de compresión eléctricas, o indicador de eficiencia I_3 deviría inaplicable. En tal caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia

adaptaría o dito indicador á nova situación de feito, e establecería o momento a partir do cal volvería ser aplicable na súa nova formulación.

Disposición transitoria única. *Peso dos indicadores de eficiencia (α_j).*

Até que teña lugar a aprobación por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia dos valores dos pesos (α_j) que corresponde aos indicadores de eficiencia a que se refire o artigo 4 desta circular, estes fíxanse en $\frac{1}{m}$, onde m é o número de indicadores calculados para a determinación do factor de eficiencia no ano de gas n .

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o 1 de outubro de 2021.

Madrid, 30 de xuño de 2021. A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández.